

Caracas 28 setembro 1971

Querido amigo: Por razóns de traballo, viaxes etc, contesto un pouco retrasado a súa carta, pro nunca é tarde cando a dita é boa; ou sexa, cando a carta é contestada.

Gorentoume moito saber que foi coas súas cancións a Acebedo do Río, terra dos meus avós maternos, onde eu pasei longas tempadas das vacacións escolares. Elí vivín coma un neno salvaxe y alí metéuseme no corazón o cerne da terra.

Fan vostedes moi ben en seguir esa laboura de cantarlle directamente ó pobo, anque comprendo que pra acadar unhos resultados realmente importantes, terían que ser moitos mais os cantantes adicados a esa laboura e posuer unha planificación sistemática da mesma. De todos os xeitos, algo é algo, e de momento cicais non se pode facer outra cousa, xa que non debemos esquecer que o sistema xamais permitirá o acceso da cantiga de protesta ós seus meios de comunicación social.

A comercialización é un fenómeno de todas partes. Cando o cantante que-re vivir da canción ten que entregarse as regras do xogo mercantil. O malo non está en que o cantante se comercialice, sinon en que a canción se idiotice, convertida nunha simpre aparencia retórica de protesta.

O sistema deglute todo o que lle poñan diante, sempre que lle permitan trocalo en cousa inocua. Esí pasou cos "hippies", agora transformados en suxetos pasivos de consumo. Os fabricantes de pantalóns remendados e de camisas esfarrapadas, colares, sombreiros, botas, discos etc están facendo o seu agosto. O sistema interésalle moito que a xuventude se dé ás drogas, á pornografía, ós discos musicás, ó pasivismo contemplativo e, sobor de todo, se entreteña especulando en col do mito da "loita xeneracional", esquecéndose da "loita de crases", que é a verdadeira nai da ovella, porque xenera o actismo político, cousa nefanda pra o sistema.

Respecto a canción moderna galega, sexa ou non de protesta, penso -e repíto sempre que podo- que o seu camiño está en beber na fonte pura do noso folklora, non, craro está, ó xeito de "Na veiriña do mar" de María Ortiz, repulsiva castrapada, sinon por meio dunha especie de aculturación que permita dar, en versión moderna, as mais fermosas formas da nosa diferenciación musical. Non debe esquecerse que os coros galegos interpretan unha pequenísima parte do noso folklora, e non sempre o mais valioso, sinon o mais fácil. Pode decirse que o noso filón musical é practicamente descoñecido. Cáseque todo il está recollido no voluminoso "Cancioeiro Musical Galego", de don Casto Sampedro, de cuia obra hai exemplares no Museo de Pontevedra. Ehi é onde hai que ir pra sacar a raigame da nosa canción moderna, a fin de que ésta teña o carimbo peculiar do noso espírito. Pra elo fai falla saber música a fin de poder "transportar", "arreglar", "adaptar", ou como se diga, de xeito que a nosa cantiga de hoxe, sin deixar de ser moderna, leve o made in Galicia da autenticidade. E, ó decir ésto, non estou inventando nada, sinon recomendando se faga o que fixeron, en relación cos seus respectivos países, moitos grandes intérpretes da canción moderna, como por exem pro os Beatles.

E nada mais por hoxe. Unha cordial aperta de

Celso Emilio